

**CONCELLO DE
SANTIAGO**

DIRECCIÓN DE AREA DE URBANISMO E OBRAS MUNICIPAIS

ASUNTO: Valoración da sentenza 385/2022, do 5.11.2022, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela (PO 97/2022).

I. O Xulgado do Contencioso Administrativo número 1 de Santiago de Compostela, ditou Sentenza o 05 de novembro de 2022 no P.O. 97/2022 co número 385/2022 á vista da que se elabora este informe.

O obxecto do recurso foi o acordo adoptado pola Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela o 31 de xaneiro de 2022 que rexeita o recurso de reposición contra o acordo adoptado o 29 de novembro de 2021 polo que se concedeu a CARBURANTES LUGO S.L. licenza de obras de construción dun edificio comercial e unidade de subministro de carburantes, segundo proxecto básico e execución redactado por arquitecta superior con visado do Colexio Oficial de Arquitectos (superiores) de Galicia (COAG).

A sentenza, estima totalmente o recurso, declara a non conformidade a dereito do acordo recorrido e condena a esta Administración a ordenar o cese das obras e/ou actividade e proceder á derruba do xa edificado, construído ou instalado ilegalmente.

A Sentenza é susceptible de recurso de apelación.

II. Mediante Oficio asinado o 23 de novembro, a Asesoría Xurídica remite informe analizando o contido da sentenza e solicitando á valoración desta Dirección de Área de Urbanismo.

O documento elaborado pola Asesoría Xurídica analiza tódalas variables que concorren no suposto que nos ocupa e as distintas circunstancias que parecen ser substanciais para determinar unha decisión que, porén, non pode ser adoitada en termos de bases sólidas, porque nin os feitos, nin os elementos xurídicos, disposicións vixentes e considerandos existentes, teñen a suficiente determinación e claridade como para asegurar o resultado da decisión que se adoite. Se ben é certo que o informe da Asesoría Xurídica afirma que a competencia universal da arquitectura *non é admitida pola doutrina xurisprudencial máis recente*.

Neste escenario de incertidume, débese partir de que o fundamento da sentenza que se estudia recurrir é, tal e como sinala a Asesoría Xurídica no informe, unha cuestión de carácter técnico ao respecto da que non existe un pronunciamento claro por parte da xurisprudencia (do Supremo e incluso da TSXG) posto que as sentenzas que se empregan para fundamentar a que nos ocupa de 1ª instancia, non analizan o suposto de feito que xera a declaración de nulidade e en segundo lugar e fundamental, non existe unha disposición legislativa no ordenamento xurídico que determine cunha configuración que permita un marco interpretativo sólido, cales son as competencias reservadas para cada un dos colexios profesionais nin un contexto curricular estable que soporte unha análise que, por outra banda, non pode ser obxecto deste informe.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

DIRECCIÓN DE AREA DE URBANISMO E OBRAS MUNICIPAIS

III. Porén o estudo debe partir en primeiro lugar da consideración dun actor esencial no proceso , os Colexios Profesionais .

Corresponde aos Colexios de Arquitectos, no seu ámbito territorial, a función de visado colexial, nos termos e conforme ao disposto nos artigos 5.q) e 13 da Lei de Colexios Profesionais, o RD 1000/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio e demais normativa aplicable.

Asemade, o artigo 2 da Lei 11/2001, de 18 de setembro, de Colexios Profesionais de Galicia, establece que o exercizo das profesións exercerase en réxime de libre competencia e suxeito, en canto á oferta de servizos ás normas de transposición da Directiva 2006/123/CE, de 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, á lexislación sobre defensa da competencia e á lexislación sobre competencia desleal.

Engade que os requisitos que obriguen a exercer de forma exclusiva unha profesión (que so se da con relación aos procesos edificatorios de vivenda ou pública concorrencia con relación á arquitectura superior), serán só os que se establezan expresamente por lei (neste caso a L.O.E.).

Non se pode esquecer que os Colexios profesionais (entre eles o COAG que realizou o visado do proxecto en conflito) son corporacións de dereito público, con plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

É a lei 1/2010, de 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, a que no seu artigo 10 quinquies referido ao visado colexial establece que este garante:

- A corrección formal da documentación do traballo profesional que se visa.
- A integridade formal da documentación do traballo profesional que se visa.
- O cumprimento das normas sobre especificacións técnicas.
- A observancia do resto da normativa aplicable ao traballo de que se trate.

O proxecto que nos ocupa ten número de visado colexial: 2003177.3

O Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio de traballos profesionais, configura o visado colexial como instrumento dun sistema, que :

.Garante a seguridade das persoas


.Constata a habilitación do técnico e , como xa se dixo

.Constata a suficiencia e integridade documental e a coherencia dos documentos técnicos

.Constata ante sociedade a habilitación do técnico e a suficiencia, a integridade documental e coherencia dos documentos técnicos redactados.

É dicir, crea unha aparencia de validez e veracidade no mercado e ante as administracións.

Asemade no artigo 3 o citado Real Decreto dispón que :



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

DIRECCIÓN DE AREA DE URBANISMO E OBRAS MUNICIPAIS

"Para cumplir la obligación prevista en el artículo 2 bastará con que los trabajos profesionales recogidos en el mencionado artículo, aunque se desarrollen o completen mediante proyectos parciales y otros documentos técnicos, estén visados una sola vez y por un solo colegio profesional, que deberá ser el competente en la materia principal del trabajo sin que sea necesario el visado parcial de los documentos que formen parte de ellos."

Ao respecto do carácter principal e accesorio debe necesariamente traerse a colación o artigo 3 e a D.T.1ª do Real Decreto Lei 6/2000, de 23 de xuño que establece que os grandes establecementos comerciais que á súa entrada en vigor estiveran funcionando poden incorporar estacións de servizo considerándoas equipamentos sendo implícita a concesión na licenzia de apertura do comercial e que o T. S. en sentenza de 16 de xullo de 2008 determina que resulta evidente que o de subministro de hidrocarburos é un uso terciario comercial compatible co de establecemento comercial. Entende que non solo de uso comercial vai asociado o de estación de servizo e que éste mesmo ten carácter comercial .

No mesmo senso o artigo 43 da Lei de Hidrocarburos cando sinala que os usos do solo para actividades comerciais individuais ou agrupadas serán compatibles coa actividade económica das instalacións de subministro de combustible ao por menor, co que a disgresión da sentenza acerca de cal das dúas actividades de venda (máis alá do almacenamento) resulta ser principal non parece axeitada.

Para rematar, o artigo 5 en canto ao Colexio profesional competente para visar os traballos profesionais, dispón o seguinte:

"Para la obtención del visado colegial obligatorio de conformidad con lo previsto en el artículo el profesional firmante del trabajo se dirigirá al colegio profesional competente en la materia principal del trabajo profesional, que será la que ejerza el profesional responsable del conjunto del trabajo. Cuando haya varios colegios profesionales competentes en la materia, el profesional podrá obtener el visado en cualquiera de ellos."


En todo caso, de acordo co contido do artigo 6

*"La función de visar trabajos profesionales, cuando sean obligatorios, será ejercida directamente por el colegio profesional **bajo su responsabilidad**"*

IV. Abundando na incerteza do suposto, non se pode esquecer que cada unha das disciplinas en conflito (arquitectura e enxeñaría superiores) teñen un curriculum que foi variando ao longo dos anos. Resulta de innecesaria cita o Plan Bolonia e o feito de que, se ben as enxeñerías e as enxeñerías técnicas cualifícanse pola súa especialidade non ocorre o mesmo coa arquitectura.

Por outra banda, os obxectos descritos nas memorias dos proxectos que se someten á valoración das Administracións Públicas para a obtención de licenzas en cada unha das actividades, procesos edificatorios e instalacións, tanto ambientais como municipais e que cada un dos técnicos municipais teñen que valorar, é tan variada e sobre todo tan específica que non é real pretender, nin é aceptable pensar que os técnicos municipais van atinar naquelo que leva décadas sendo obxecto de controversia.

Non podemos esquecer ademais que o ámbito do cofecido en canto ao obxecto das actividades económicas nos últimos 10 anos, foi obxecto dun cambio tal que a maioría das actividades plantexadas ou unha porcentaxe moi importante, non foi obxecto de



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

DIRECCIÓN DE AREA DE URBANISMO E OBRAS MUNICIPAIS

consideración con anterioridade, o que dificulta considerablemente recurrir ao precedente.

V. Nesa controversia, o xulgado do contencioso administrativo, afirma na sentenza 385/2022 citando outra do T. S. que é responsabilidade da Administración Municipal e dos seus técnicos, valorar a competencia de aqueles que asinan os proxectos.

En efecto, é esixible valorar e así se fixo, neste procedemento administrativo e no de concesión da autorización ambiental integrada.

A Arquitecta Municipal, valorou.

A Xunta de Galicia, cando concede a declaración de impacto ambiental ao proxecto de gasoleira en exclusiva, valorou.

Esa valoración faise constar nas resolucións administrativas co que se cumpre a obriga de fundamentalas e motivalas.

Non entra dentro da responsabilidade das administracións públicas implicadas asegurar que esa valoración sexa a acertada en cada un dos suposto de feito.

VI. Intentando atopar un marco xurídico que poida aportar certa seguridade ao tema que nos ocupa, entendo que debe partirse da Lei 38/99 de 5 de novembro de Ordenación da Edificación (actualizada o 27 de xuño de 2013).

A citada lei resulta de aplicación ao denominado *proceso da edificación* que define como a acción e resultado de construír un edificio de carácter permanente, público ou privado cuxo uso principal estea comprendido nos seguintes grupos.


- O primeiro grupo de usos aos que o proceso edificatorio poida destinarse e o grupo a)

Nese grupo están os usos administrativo, sanitario, relixioso, residencial, docente e cultural.

- O segundo grupo de usos aos que o proceso edificatorio poida destinarse e o grupo b)

Nel atópanse os uso aeronáutico; agropecuario; da enerxía; da hidráulica; mineiro; de telecomunicacións (referido á enxeñería das telecomunicacións); do transporte terrestre, marítimo, fluvial e aéreo; forestal; industrial; naval; da enxeñería de saneamento e hixiene, e accesorio ás obras de enxeñería e a súa explotación.

- In fine, a lei establece un terceiro grupo para incluír, outros usos aos que destinar o proceso edificatorio e que non se atopan descritos na listaxe anterior que ten carácter de números clausus e entre os que se atoparía, por exemplo o comercial ou o deportivo, restauración.....



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

DIRECCIÓN DE AREA DE URBANISMO E OBRAS MUNICIPAIS

É o apartado c) nos que encadra todas as demais edificacións cuxos usos non estean expresamente relacionados nos grupos anteriores, e que non son usos residuais senón que encadra unha porcentaxe senlleira dos procesos, valia os exemplos presentados.

O Tribunal supremo, nestes casos de usos non incluídos expresamente nos apartados a) e b) atribúe a competencia aos Arquitectos Superiores, ao entender que se trata de edificacións de uso público destinadas a albergar concentracións de persoas (STS de 22 de novembro de 2000 rec. 7175/95.

No mesmo senso , a STS de 22 de maio de 2001, citada posteriormente na de 22 de marzo de 2002 e citadas ambas na Sentenza do TSXE de 19 de outubro de 2015 rec.1482/2013 que afirma :

" las construcciones destinadas a uso público han de ser proyectadas por arquitectos superiores al asimilarse a viviendas, como atinentes a su natural competencia en edificaciones , exigencia que se acentúa en el caso de construcciones de uso público , de carácter permanente , valor esencial por el que ha de velar la administración , lo que explica y determina que cualquier duda que pueda plantearse sobre la naturaleza y estructura del edificio , ha de resolverse en el sentido de estimar la competencia de los titulados específicamente determinados para la construcción de viviendas y edificios destinados al uso público como son los arquitectos superiores"

VII. En calquera caso o que sí é doutrina do T.S. é que, cando a natureza dun proxecto técnico esixe unha intervención exclusiva dun determinado técnico /a a competencia é indubitada, pero cando (como sucede neste caso a entender deste centro directivo), trátase dun uso que aínda non parece ter atopado na doutrina xurisprudencial o seu acomodo a pesares da lexislación básica estatal e comunitaria suficientemente clara ao entender da que subscribe, o criterio xurisprudencial prevalente (e isto sí que resulta pacífico) habida conta do seu carácter multidisciplinar , é que debe primar o principio de idoneidade da persoa facultativa intervinte e non o de exclusividade que conduce a un monopolio profesional.

Na sentenza estudada pártese do carácter multidisciplinar do proxecto cuxa licenza resulta anulada , porén do sinalado carácter non se deriva necesariamente a obrigatoria dirección dun enxeñeiro industrial , senón do profesional máis idóneo dos sinalados na L.O.E.

Así na STS de 19 de xaneiro de 2012, rec. 321/2010, ditada para unificación de doutrina se conclúe que

" cuando la naturaleza de un proyecto técnico exige la intervención exclusiva de un determinado técnico la competencia es indubitada, pero cuando, como sucede en el caso planteado se trata de un complejo polideportivo el criterio jurisprudencial prevalente, habida cuenta de su carácter pluridisciplinar , ha de primar el principio de idoneidad del facultativo interviniente frente al de exclusividad que conduce a un monopolio profesional que esa Sala rechaza. "

Afirma o T.S. nesta e noutras sentenzas que a doutrina do Tribunal é contraria ao monopolio competencial a favor dunha profesión técnica superior predeterminada, debendo permitirse a outras titulacións a súa intervención en función do nivel de coñecementos adquiridos e recoñecidos.

Neste escenario, resulta que a L.O.E. cando no seu artigo 10 define as obrigacións do proxectista establece una única competencia exclusiva, que é a dos arquitectos e arquitectas superiores para asinar proxectos que teñan por obxecto a construción de edificios para os usos indicados no grupo a) do apartado 1 do artigo 2, é dicir , vivendas.



CONCELLO DE
SANTIAGO

DIRECCIÓN DE AREA DE URBANISMO E OBRAS MUNICIPAIS

Esa exclusividade a favor dun colectivo é que, aínda cuestionada, resulta compatible coa xurisprudencia do TJUE sobre a libre concorrència xa que esta limitación resulta amparada por una disposición con rango de lei que , entende o T.S. xa realizou o correspondente análise de idoneidade na súa tramitación .

Cifrada esa exclusividade para os arquitectos nos usos do apartado a); resulta que o apartado b) do artigo 2 da L.O.E. non establece esa mesma exclusividade a favor da titulación de enxeñaría . Moi ao contrario, a determinación da competencia establécese pola lei con carácter xenérico e non exclusivo, e ademáis, esta atribución xenérica para eses usos do apartado b) en absoluto exclúe aos arquitectos e arquitectas superiores:

"Cuando el proyecto a realizar tenga por objeto la construcción de edificios para los usos indicados en el grupo b) del apartado 1 del artículo 2, la titulación académica y profesional habilitante, con carácter general, será la de Ingeniero, ingeniero técnico o arquitecto y vendrá determinada por las disposiciones legales vigentes para cada profesión, de acuerdo con sus respectivas especialidades y competencias específicas."

A mesma ausencia de exclusividade e referencia na determinación da competencia profesional a disposición legais vixentes para cada profesión, ven establecida para os proxectos que teñan por obxecto a construción de edificios comprendidos no grupo c), nos que tampouco están excluídos os arquitectos e arquitectas superiores.

VIII. A controversia non se atopa entre titulacións técnicas e superiores como parece analizar a sentenza de instancia; a controversia no caso que nos ocupa de existir , atopárase entre a habilitación de titulacións de carácter superior para asinar proxectos de edificios en función do seu uso, no que a doutrina, entende a que subscribe dista moito de ser " suficiente " e ao respecto do que a que subscribe considera non é una cuestión xurídica "sobradamente estudada pola xurisprudencia"; concluíndo moi ao contrario esta Dirección de Área da analizada que non existe ese cuestionamento na capacidade da arquitectura superior para asinar calquera tipo dos proxectos definidos nos tres apartados do artigo 2 da L.O.E. Sempre sobre o principio de liberdade de acceso con idoneidade e da necesaria esixencia de valoración restritiva da exclusividade que o T.S. ten establecido (casación 10048/2004 STS de 22 de abril de 2009).

Co obxecto de exemplificar a variedade doutrinal , procédese á cita de xurisprudencia na materia .

Centrándonos nas titulacións superiores non esquezamos que é una titulada superior a que asina o proxecto) pódese citar a S.T.S. en recurso de casación para unificación de doutrina 321/2010 que recoñece a capacidade técnica dos enxeñeiros de camiños para redactar un proxecto dun polideportivo, ao igual que as sentenzas tamén do T.S. casación 2147/95 e 838/94 negaron aos enxeñeiros industriais capacidade técnica para proxectar centros educativos.

Tal e como sinala o TS en Auto de 28 de abril de 2005 (casación 7448/1999) e Auto e 27 de marzo de 2008, cando estuda a infracción de xurisprudencia nunha casación por infracción de doutrina que

" la exigencia de análisis comparativo opera de forma necesariamente más intensa cuando se trata de materias eminentemente casuísticas pues en estos casos la interpretación y aplicación del



CONCELLO DE
SANTIAGO

DIRECCIÓN DE AREA DE URBANISMO E OBRAS MUNICIPAIS

derecho viene particularmente apegada a las circunstancias del caso concreto, cuya apreciación puede determinar la procedencia de soluciones distintas sin que por ello exista contradicción .

En conclusión, non hai unha única resposta, nin poden establecerse doutrinas pacíficas sendo preciso aplicar a existente de xeito fundado a cada caso.

Remata o Tribunal na casación 7448/1999, que o feito de que exista unha sentenza na que se recoñece capacidade técnica para un suposto concreto a un colectivo (enxeñeiros de camiños para proxectar un polideportivo) non permite trasladar de maneira automática o mesmo recoñecemento a outra especialidade (enxeñeiros técnicos de obras públicas); sobre todo sinala, tendo en conta que existen outros pronunciamentos que teñen negado aos enxeñeiros industriais capacidade técnica para proxectar centros educativos.

Insiste esta Dirección de Área que a controversia xurisprudencialmente máis estudada refírese á competencia das enxeñerías técnicas e superiores e das distintas especialidades técnicas das enxeñerías, porén non entre titulados superiores arquitectos e enxeñeiros.

Sen esquecer, por exemplo, que a doutrina xurisprudencial na materia, representada pola STS 6 de marzo de 2001 sinala

" la sala de instancia aplica correctamente la reiterada doctrina de esta sala a que , en la delimitación de facultades conferidas a los arquitectos e ingenieros industriales para la redacción de proyectos de construcción de edificios , ha declarado que los primeros son los técnicos con competencia general para toda clase de edificios , con atribución exclusiva en los destinados a servir de vivienda humana o a albergar concentraciones de personas , mientras que la competencia de los ingenieros industriales en materia de edificación se encuentra limitada a los edificios industriales y sus anejos "

É dicir, o que os tribunais analizan é, se ademáis dos arquitectos (dos que non se discute a súa competencia para proxectar calquera edificio de uso público con exclusividade en vivendas), os enxeñeiros tamén a teñen en cadansúa especialidade, para os edificios que alberguen os usos do apartado b do artigo 2, sen que esa concorrencia exclúa a que xa de por sí ostentan as persoas arquitectas superiores.

Do exposto é claro exemplo a:

.-STS de 6 de marzo de 2001 que senta doutrina e sinala

"...La sala de instancia aplica correctamente la reiterada doctrina de esta sala que, en la delimitación de facultades conferidas a los arquitectos e ingenieros industriales para la redacción de proyectos de construcción de edificios , ha declarado que los primeros son los técnicos con competencia general para toda clase de edificios , con atribución exclusiva a los destinados a servir de vivienda humana o a albergar concentraciones de personas, mientras que la competencia de los ingenieros industriales en materia de edificación se encuentra limitada a los edificios industriales y a sus anejos , anulando la licencia en base a proyecto de ingeniero industrial por referirse a un edificio destinado a actividad docente , no desvirtuada porque el edificio cuente con las instalaciones industriales propias de los de clase..."

Poderíase plantexar, ao fío do cuestionamento que se fai na sentenza do xulgado do C.A. 385/2022 acerca da intervención de arquitectura no deseño do que se cualifica como unha industria, o mesmo cuestionamento da figura do enxeñeiro industrial para deseñar edificios dado o contido das súas ensinanzas curriculares.

Continuando coa análise da xurisprudencia na materia , resulta de necesaria cita a S. 761/2005 do TSX de Andalucía . Sala do C.A. .Rec. 2928/1998, que ten por obxecto a

resolución dun concello non considerando técnico competente para a redacción dun proxecto de ampliación de servizos en gasoleira ao enxeñeiro técnico industrial. O fundamento da resolución administrativa foi que os peritos (denominación existentes nesas datas) non estaban facultados para proxectar construcións destinadas a uso público e servizo común ou a albergar concentracións de persoas (conceptos todos esenciais no caso que nos ocupa)

No fundamento xurídico terceiro consta :

"... se ha considerado por el T.S. que para que pueda sentarse la competencia de unos técnicos , descartando las de otros (arquitecto/ enxeñeiro superiores) que también la tienen con carácter genérico , resulta absolutamente imprescindible que la exclusividad está legalmente o reglamentariamente reconocida ."

Circunstancia esta que so se predica dos arquitectos superiores con relación a vivendas e edificios de pública concorrencia como xa se expuxo, polo que resulta de necesaria e sólida argumentación a predicada exclusividade dos enxeñeiros para o deseño da estación de venda ao por menor de carburantes na sentenza 385/2022 baseado no seu carácter industrial.

A STS 11328/2021, de 15 de novembro.Casación 6706/2020, plantexa a cuestión con interese casacional seguinte: se a titulación de enxeñaría técnica industrial é o título habilitante para a execución dunha unidade de subministro de combustible.

Con anterioridade ao análise da sentenza para a formación de xurisprudencia que nos ocupa debe partirse da premisa de que a doutrina nela fixada non resulta aplicable ao caso que nos ocupa posto que o proxecto licenciado está asinado por una arquitecta superior e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) con independencia de que tamén se teña aportado un proxecto de Enxeñeiro Técnico industrial é decir, hai responsabilidade dunha persoa titulada superior en arquitectura, que, como se verá, tamén inclúe a responsabilidade na instalación electromecánica con visado do COAG

Pois ben, tal e como se fai constar no F.X. 1º; a sentenza de 3 de xullo de 2020, ditada pola Sala de Galicia (scc segunda) confirma en apelación a ditada polo xulgado de 6 de xuño de 2018, que estimou o Rec. C.A. interposto pola Asociación Provincial de Estaciones de Servicio de Ourense contra o acordo da Xunta de Goberno Local do concello de confirmado en reposición , polo que se concede licenza para executar unha unidade de subministro de combustible para vehículos a motor por falta de competencia profesional do enxeñeiro técnico industrial (único profesional asinante do proxecto) .

Nesa comparación entre enxeñeiros técnicos e superiores (que non é a que concorre no caso que nos ocupa) o T.S. volve referirse coma non podía ser doutro xeito ao establecido no artigo 2 da LOE .

Analiza a competencia do enxeñeiro técnico en comparación con enxeñeiro superior para a sinatura do proxecto da unidade de subministro:

-Con referencia á STS de 26 de maio de 2000, a sala desbota a titulación de enxeñería técnica industrial

-Con referencia á sentenza do TSX Madrid de 27 de setembro de 2017, rec.965/2016 desbota a competencia dun enxeñeiro de camiños xa que, afirma, que nas estacións de servizo entran en consideración aspectos puramente industriais como a mecánica de fluídos, tanques, bombas, surtidores e demais elementos de subministro nos que hai que dar voz aos enxeñeiros industriais .

Esta sentenza aporta un elemento novidoso a considerar ao describir aquelas liñas de coñecemento que, ao concorrer na actividade proxectada, determinan a competencia técnica necesaria.

Porén tal configuración competencial única, establecida en función de eses *aspectos puramente* industriais, podería considerarse unha competencia exclusiva que a L.O.E. non concede a este tipo de titulados, aínda que tal parece a consideración que acadou o Xulgado do Contencioso Administrativo número 1 na sentenza 385/2022 cando afirma " de lo expuesto en la sentencia se infiere con meridiana claridad , que el único técnico competente para elaborar un proyecto de construcción y puesta en funcionamiento de una estación de suministro de combustible es un ingeniero industrial superior".

A afirmación resulta pouco coherente co resulta final acadado na sentenza, posto que si considera ao arquitecto superior inadecuado (en termos de normativa LOGUM) para asinar o proxecto de construción de un comercial con venda de carburante porque os coñecementos adquiridos na súa disciplina non o fan idóneo para este caso concreto polas connotacións industriais de parte das instalacións necesarias , en coherencia digo, a igual conclusión debería chegarse coa inidoneidade do enxeñeiro industrial para deseñar e dirixir a construción da edificación comercial con venda de gasoleira posto que, tampouco a súa disciplina contén os coñecementos específicos de procesos edificatorios que si teñen as arquitecturas para asegurar a seguridade pública e consistencia de edificación que albergue el uso; iso sen ter en conta ademais que o carácter de pública concorrencia podería derivar na exclusividade da arquitectura.

A predicada exclusividade da enxeñería non atopa amparo legal, non aparece nos artigos 2 e 10 da Lei 38/1999, de 5 de novembro de Ordenación da Edificación que a sentenza 4337/2021 identifica como norma xurídica que será obxecto de interpretación.

IX. Para intentar atopar un punto de equilibrio que permita a decisión , debe volveuse á **STS 11328/2021**, que no F.X. quinto afirma que o punto de partida sobre as competencias das profesións tituladas ten que ser o **principio de liberdade de acceso con idoneidade** sobor o de exclusividade e monopolio competencial.

En aplicación do citado principio a Sala do T. S. nesta sentenza mantén que non pode partirse dunha rigorosa exclusividade , nin se poden reservar ámbitos excluíntes a unha profesión, e aínda cando cabe a posibilidade de que unha actividade concreta poida atribuírse, pola súa especificidade, aos profesionais directamente concernidos (neste caso a sentenza do X. C:A. número 1 defende que aos enxeñeiros industriais) esta posibilidade debe valorarse restritivamente.

O principio imperante, segundo a xurisprudencia debe ser pois, o de liberdade con idoneidade que se concreta en



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

DIRECCIÓN DE AREA DE URBANISMO E OBRAS MUNICIPAIS

Primeiro: os concretos principios legais que se refiren aos distintos tipos de obras e edificacións en función dos seus usos

Segundo: a titulación ou titulacións habilitadas para a realización dos proxectos correspondentes.

Sentado que non existe esa atribución legal en exclusiva aos enxeñeiros industriais dos proxectos para estacións de servizos, a cuestión a dilucidar, atópase en analizar os seguintes aspectos (tal e como explica a sentenza de 16 de xaneiro de 2013):

1.-Cales son os coñecementos técnicos inexcusables para realizar profesionalmente o proxecto de estación de servizo.

2.-Se eses coñecementos técnicos necesarios están ou non comprendidos nas ensinanzas cursadas para a obtención do título enxeñeiro ou arquitecto superiores. Circunstancia que require dunha análise das distintas ensinanzas que non pode ser obxecto deste informe

Porén achégase de seguido o currículo actual, do que se deriva que no Grado de Arquitectura realízanse estudos de Física, Instalacións, Deseño Industrial; e que nos de Enxeñería vese con claridade que no cuarto curso, o Grado permite múltiples variacións, o que podería levar a ter que aportar o currículo coa opción cursada á hora de valorar a idoneidade para a asignatura do proxecto concreto.

GRADO DE ARQUITECTURA

1º: Arquitectura:

Dibujo de Arquitectura
Geometría Descriptiva
Matemáticas para la Arquitectura 1
Introducción a la Arquitectura
Física para la Arquitectura 1
Proyectos 1
Análisis de Formas Arquitectónicas
Matemáticas para la Arquitectura 2
Construcción 1
Geometría de la Forma Arquitectónica

3º: Arquitectura:


Proyectos 4
Urbanística 2
Estructuras 2
Instalaciones 1
Proyectos 5
Teoría de la Arquitectura
Construcción 4

2º: Arquitectura:

Proyectos 2
Análisis Arquitectónico 1
Física para la Arquitectura 2
Historia del Arte
Construcción 2
Proyectos 3
Análisis Arquitectónico 2
Urbanística 1
Estructuras 1

4º: Arquitectura:

Proyectos 6
Construcción 5
Urbanística 4
Estructuras 4
Historia de la Arquitectura 1
Proyectos 7
Construcción 6



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

DIRECCIÓN DE AREA DE URBANISMO E OBRAS MUNICIPAIS

Urbanística 3
Estructuras 3

Estructuras 5
Instalaciones 2
Historia de la Arquitectura 2

5º Arquitectura

Proyectos 8
Urbanística 5
Cimentaciones
Construcción 7
Arquitectura Legal
Proyectos 9
Técnicas Matemáticas para la Arquitectura
Construcción Avanzada
Estructuras Singulares
Instalaciones 3
Representación Avanzada en Arquitectura
Geometrías Complejas en Arquitectura
Comunicación Gráfica en Arquitectura
Diseño industrial
Intervención en el Patrimonio Europeo
Paisaje y hábitat sostenible
Ordenación del Territorio
Arquitectura de Escala Compleja
Trabajo Fin de grado
Actuaciones urbanísticas Contemporáneas
Teoría de la intervención contemporánea
Hábitat Básico

GRADO DE INGENIERÍA INDUSTRIAL

1º Ingeniería Industrial:

Cálculo
Expresión Gráfica
Física I
Informática
Química
Álgebra
Ciencia de Materiales
Estadística
Física II
Gestión Empresarial

2º Ingeniería Industrial:


Ecuaciones Diferenciales
Fundamentos de Electricidad
Termodinámica
Ingeniería Medioambiental
Campos y Ondas
Resistencia de Materiales
Fundamentos de Automática
Fundamentos de Electrónica
Mecánica de Fluidos
Teoría de Máquinas

3º Ingeniería Industrial:

Tecnologías de Fabricación

4º Ingeniería Industrial:

Gestión de Proyectos



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

DIRECCIÓN DE AREA DE URBANISMO E OBRAS MUNICIPAIS

Organización de Empresas	Ingeniería del Gas
Energías renovables	Métodos numéricos
Máquinas Eléctricas	Ingeniería de la Reacción Química
Tecnología Química	Recipientes y Conducciones a Presión (optativa)
Calor y Frío Industrial /Refrigeración	Diseño y Construcción de Complejos Industriales y Empresariales
Máquinas Térmicas e Hidráulicas	Prácticas de Empresa
Electrónica de Potencia	Recipientes y Conducciones
Centrales Energéticas	Construcción de Plantas Industriales y Sistemas energéticos
Análisis y Diseño de Estructuras y Construcciones Industriales	Robótica industrial
	Industria Inteligente. Ilo T
	Proyecto interdisciplinar I
	Planificación energética
	Tecnología nuclear
	Tecnología de materiales compuestos
	Simulación de procesos industriales y optimización
	Aplicaciones industriales del láser
	Trabajo fin de grado
	Materiales avanzados
	Simulación de procesos industriales y optimización
	Técnicas de fabricación avanzadas
	Proyecto interdisciplinar II


X. Porén, aos efectos que nos ocupan , resulta certamente relevante a afirmación relativa a que debe terse en conta o carácter multidisciplinar deste tipo de proxectos.

A efectos de dilucidar a controversia do asunto que nos ocupa, abandona o T. S. na dicotomía entre a enxeñaría técnica e superior para ahondar na especificidade nas ensinanzas das especialidades técnicas arquitectura técnica e enxeñaría técnica que deriva da Lei 12/1986, de 1 de abril (que aínda que na denominación non o cualifique, do articulado derívase con claridade que é una lei que regula as ensinanzas da arquitectura técnica e non da arquitectura superior).

No mesmo senso , a S. do TSXG 273/2022 de 27 de xuño de 2022, citada na do xulgado do contencioso administrativa , que declara a falta de competencia da enxeñaría técnica para asinar unha estación de subministro, e afirma que tal negación non vulnera as atribucións que o artigo 2.1 (a da Lei 12/1986 recoñece aos enxeñeiros técnicos en orde a realización e sinatura de proxectos posto que ese precepto fai as súas atribucións en función da respectiva especialidade. Tal non se da no caso da arquitectura superior do que pode cuestionarse que, a consideración da inidoneidade para o proxecto que nos ocupa si podería lesionar o artigo 10 da Lei de ordenación da edificación establecendo limites onde non están previstos na lexislación.

Volvendo as enxeñerías técnicas, a lei considera especialidade cada unha das enumeradas no Decreto 148/1969 (mecánica, industrial, eléctrica, agrónoma...).

Pero, ademáis de que a citada lei non resulta de aplicación a arquitectura superior , o Tribunal Supremos na sentenza 11328/21 basea a súa decisión, entre outros, no feito



CONCELLO DE
SANTIAGO

DIRECCIÓN DE AREA DE URBANISMO E OBRAS MUNICIPAIS

de que non constaba a especialidade do enxeñeiro técnico que redacta e asina o proxecto, sinalando *que hai especialidades alonxadas do tipo de instalación a que se refire o proxecto e, engade, con claridade non lle habilitan para asinar por sí só un proxecto de unidade de subministro de combustible a vehículos a motor.*

É dicir, mais alá do debate de si o carácter superior da técnica que asina o proxecto, resulta suficiente, nesta sentenza o T. S. o que desbota e a sinatura exclusiva dun enxeñeiro técnico, mais non a súa sinatura complementaria en termos do artigo 4 da LOE cun arquitecto superior, nin se analiza a competencia da arquitecta superior para un proxecto de edificio comercial con venda de carburante ao por menor, que é a controversia plantexada, entendo, posto que a que subscribe descoñece o contido da demanda .

En conclusión, e con relación á sentenza 11328/21, debe concluírse que non so se refire ás diferentes capacitacións dunha ensinanza (a de enxeñería técnica) moi especializada nos seus diferentes curriculums por especialidade, senón que o propio tribunal ten a ben sinalar que

" más allá de estas pautas o criterios ofrecidos por nuestra jurisprudencia , que aquí debemos reiterar, es difícil precisar más en la respuesta que debemos dar a la cuestión en la que ha apreciado interés casacional objetivo ya que la aptitud o habilitación de la titulación de ingeniería técnica industrial para la elaboración de un proyecto de ejecución de unidad de suministro de combustible , como se reitera de forma constante en nuestra jurisprudencia, no puede desvincularse del concreto proyecto de que se trate que deberá ser analizado de conformidad con los criterios señalados. "

XI. Engádesse así ao principio de idoneidade o de vinculación ao proxecto concreto sen que se estableza xurisprudencialmente unha solución única e xenérica

No mesmo senso o TSXG 273/2022 de 27 de xuño , citando a do TSXM de 27 de setembro de 2017 en Rec. 965/2016 que conclúe "debe sinalarse **que cada caso concreto sometido a enjuiciamiento debe tener un enjuiciamiento diferenciado** (o que a entender da que suscribe exemplifica a inexistenza de doutrina suficiente , aínda que xurisprudencia estudada e esencialmente casuística), estableciéndose como premisa la de evitar monopolios competenciales, por lo que en los supuestos dudosos (resulta da sentenza do contencioso administrativo numero 385/2022 que o tribunal non ten esa dúbida) puede incluso entenderse como **técnico competente** cualquiera que tenga conocimientos suficientes para suscribir el proyecto".

Vólvese de novo ao concepto xurídico de 2 "*coñecemento suficiente*" que debería estar sobradamente definido nos corpos curriculares das ensinanzas; porén que esixen unha labor interpretativa específica en cada caso, e neste, influenciada substancialmente pola nova configuración do uso de estación de servizo que chegou a configurarse como obrigatorio nos grandes establecementos comerciais e implícito nas súas licenzas pero que, en calquera caso a lexislación define como un equipamento de carácter complementario. Razón pola que, ao meu xuízo, a xurisprudencia citada polo TSXG na sentenza 273/2022 dos anos 90, non pare ter acomodo na realidade actual de liberación da actividade económica de venda polo miúdo de carburantes.



CONCELLO DE
SANTIAGO

DIRECCIÓN DE AREA DE URBANISMO E OBRAS MUNICIPAIS

Abundando neste extremo, resulta necesario traer a colación a Sentenza do Tribunal Supremo 1871/2020 de data 04/06/2020 numero de rec. 4100/2018. A cuestión de interese casacional que se presentaba era determinar se a previsión normativa contida no artigo 3 do Real Decreto Lei 6/2000 de 23 de xullo, que prescribe que os grandes establecementos comerciais debían incorporar con carácter obrigatorio entre os seus equipamentos, unha instalación, alo menos, para o subministro de produtos petrolíferos a vehículos, pode opoñerse á eventual compatibilidade ou non co uso característico do solo no planeamento municipal.

No citado artigo, incluso se establece que nos establecementos con licenza, ésta levaría implícita a de estación de servizo.

Descoñécese se, para a concesión da licenza de centro comercial se tería requirido proxecto de enxeñeiro industrial, en calquera caso, o Real Decreto Lei (con rango de lei) non require ningún proxecto máis, resulta implícita a instalación.

Na indicada sentenza do T. S. 1871/2020, cítase a doutrina do T. C. das sentenzas 170/2012, e 34/2017, de 1 de marzo esta última examinando a redacción dada ao artigo 3.1 polo artigo 40 do Real Decreto Lei 14/2013 de 22 de febreiro de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo ao crecemento e creación de emprego, e que sinala "o precepto determina a compatibilidade entre os usos do solo atribuído a diferentes instalacións, de forma non obrigada, posibilitando a instalación dunha estación de subministro de carburantes en centros comerciais, permitindo a instalación dunha estación de servizo como **uso complementario**".

Continúa sinalando o T.C. que o artigo 43.2 da Lei de Hidrocarburos se limita, en consonancia coa previsión do artigo 3.1, a establecer a compatibilidade de usos para actividades comerciais, coa actividade económica de instalacións de subministro de combustible ao por menor. Sinala que a determinación de uso compatibles co principal (comercial) é unha técnica urbanística. O planeamento, afirma pode diferenciar entre uso comercial xenérico e uso comercial específico de venda de carburante en estacións de servizo. **Son ambos usos comerciais.**

Neste caso, segundo a STC 34/2017, a doutrina fixada consiste en que a posibilidade de instalar unha estación de servizo depende do recoñecemento polo planeamento urbanístico e da existencia de determinado uso nunha parcela. (...) **En consecuencia, se o planeamento urbanístico outorga coma neste caso uso comercial ao solo, nese uso enténdese incluído o de estación de subministro de hidrocarburos líquidos ao por menor (que é o que nos ocupa), aumentando deste xeito a gama de produtos para o consumidor que conleva o uso xenérico de comercial e xa previsto no plan, co obxectivo básico de liberalizar o mercado.**

O art. 3 do R.D. Lei 6/2000 resultou modificado polo art. 44.1 da Lei 25/2009 de 22 de decembro de modo que a previsión do art. 3.1 non se limita aos grandes establecementos comerciais. Teñen a consideración de establecementos comerciais segundo a lei 7/1996 de 15 de xaneiro de Ordenación do Comercio minorista: toda instalación inmoble de venda ao por menor na que o empresario exerce a súa actividade de forma permanente, ou toda instalación móbil de venda ao por menor na que o empresario exerce a súa actividade de forma habitual.



CONCELLO DE
SANTIAGO

DIRECCIÓN DE AREA DE URBANISMO E OBRAS MUNICIPAIS

XII. No suposto concreto que nos ocupa (segundo o T. C: comercial no que se vende gasolina como equipamento complementario, susceptible de encadrarse no apartado c do artigo 2 da LOE, porén con instalacións para o almacenamento e xestión de carburantes), a cuestión obxecto de debate, pois non é se para proxectar un edificio de uso industrial o competente é a enxeñería superior industrial ou a enxeñería técnica industrial, o que se discute é se son competentes as persoas arquitectas superiores para o concreto proxecto visado de comercial con dúas unidades de subministro na parcela Z-2A do SUNP 29 Brandía.

A dúbida resólvea o X.C.A. sinalando que *"si decimos que ni siquiera un ingeniero técnico industrial sería competente para elaborar un proyecto de esta índole, con menor razón podemos reputar competente a un arquitecto"* que, afirma *"posee una formación, competencia y conocimientos distintos a los propios de una ingeniería industrial"*.

Asegura, que un arquitecto pode deseñar naves industriais en canto ao seu continente máis non proxectos de industria los seus compoñentes, sen embargo non parece cuestionar a capacidade do enxeñeiro para o deseño do proceso edificatorio dunha nave de uso industrial.

Porén a limitación debe ser coidadosa, considerando que tanto a nivel legal como xurisprudencial rexe un principio de liberdade de prestación, polo que tan so cando existan razóns taxadas que se especifican no artigo 17.1. (a da Lei de Garantía da Unidade de Mercado que se consideren razóns imperiosas de interese xeral estará xustificando legalmente establecer limitacións de acceso, que, en calquera caso, deberán motivar adecuadamente a súa necesidade en función de tales razóns de interese xeral e xustificar a súa proporcionalidade. Ademáis deberá demostrarse que non existe outro medio menos restritivo ou distorsionador para a actividade económica (cifrada aquí no desenvolvemento da profesión de arquitectura superior) S.T.S. 1464/2021 Rec. Cas. 4486/2019

Pois ben, o criterio mantido pola CNMC en aplicación da Lei 17/2009 sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercizo e a Lei 20/2013, de Garantía da Unidade de Mercado, é o mesmo, que as reservas de actividade en favor dunha titulación ou profesión deben xustificarse en razóns imperiosas de interese xeral tales como a seguridade pública ou a protección do medio ambiente.

Son estas as razóns que o Xuíz do C. A. na súa sentenza 385/2022 utiliza para fundamentar a concorrencia da enxeñería superior ao afirmar que *por razones de seguridad y salubridad en cuanto a su riesgo potencial para terceros, ha de contar con la firma y visado de un ingeniero industrial superior.*

Descoñece a que subscribe, non consta na Sentenza, que se teña aportado proba do risco potencial da instalación, de se o proxecto contiña as "medidas correctoras necesarias" no seu plantexamento.

Si resulta da documentación que consta no expediente administrativo, que o proxecto básico e de execución visado:2003177,3 polo COAG asinado pola arquitecta Marta Eugenia Pérez Fernández, contén como Anexo 5 na súa Memoria / CVE AD6160C40E6, a xustificación da instalación electromecánica de incendios da unidade de subministro, asinada pola arquitecta superior e visada polo colexio profesional, que como derriba se



CONCELLO DE
SANTIAGO

DIRECCIÓN DE AREA DE URBANISMO E OBRAS MUNICIPAIS

sinalou, ten a responsabilidade de comprobar a habilitación da autora para o proxecto de que se trata.

A xustificación das medidas correctoras no indicado Anexo, son responsabilidade da arquitecta superior, ao igual que os Pregos de Condicións, Orzamento e Planos recollidos no Proxecto Básico e de Execución entre os que se atopan os relativos ás instalacións eléctrica e mecánica da unidade de subministro.

Por outra banda, na sentenza de 15 de novembro de 2021, o T.S. establece a necesidade, seguindo a xurisprudencia da que é exemplo a de 13 de xuño de 2006, casación 8261/2003, que debe examinarse o contido concreto do proxecto para apreciar se a súa redacción correspóndese coa formación técnica do actuante.

Tamén a sala ten declarado procedente ponderar a importancia das obras e a envergadura do proxecto, ponderación que, afirma, debe entenderse no senso de que cando o traballo profesional presente esas notas ou características é mais obrigada a constatación de **si concorren ou non os coñecementos necesarios porque existen intereses públicos e particulares concernidos que transcenden dos intereses profesionais o titulado.**

Engade aquí o T. S. outro elemento de valoración, a saber, os intereses públicos e particulares concurrentes.

XIII. Analizado ese extremo no caso que nos ocupa, non pode por máis que traerse a colación, que a instalación de referencia require para a súa legal implantación a concorrencia de dous títulos habilitantes:


.-O de carácter ambiental cuxa definición corresponde á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia .

-A licenza de obra e actividade municipal

Con relación ao primeiro, o 24 de xullo de 2017 asinouse a Resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio pola que se formula a declaración de incidencia ambiental favorable (DIA) da actividade de distribución minorista de combustible desatendida e boxes de lavado e aspirado para vehículos lixeiros, na parcela Z-2A SUNP 29 BRANDÍA

Tal e como se fai constar na mesma, a Consellería de Industria emiteu informe o 13 de xullo de 2017 no que en absoluto manifesta prevención con relación á incompetencia da Arquitecta para a sinatura do proxecto, e require:

- 1.- A inscrición das instalacións da unidade de subministro.
- 2.-A esixencia de que a empresa desenvolva un mantemento rigoroso dos equipos e instalacións,
- 3.-Que o titular acredite, de selo caso, que as revisións, probas, verificacións, periódicas ou ocasionais indicadas polos regulamentos de seguridade aplicables ás instalacións



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

DIRECCIÓN DE AREA DE URBANISMO E OBRAS MUNICIPAIS

suxeitas a regulamentación específica coas que conta o establecemento, foron realizadas en tempo e forma.

4.-Asemade exigen notificar calquera modificación que afecte ou altere as condicións de seguridade iniciais (que parece considéranse axeitadas).

Ademáis para asegurar que os medios contra incendios operan correctamente; o establecemento está suxeito a revisións e inspeccións previstas pola normativa sectorial de aplicación, particularmente o Real Decreto 1942/1993, de 5 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Instalacións de protección contra incendios e instrución técnica complementaria MI-IP 04 do Regulamento de Instalacións petrolíferas e Real Decreto 2297/2004, de 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de Seguridade contra incendios nos establecementos industriais.

In fine sinala, que no caso de detectarse anomalía ou incumprimentos de normativa de seguridade industrial que puideran repercutir nas emisións atmosféricas, na presión sonora, ou que puideran afectar á rede de saneamento, paralizaríase a actividade.

É dicir na Resolución de incidencia ambiental, establécense medidas correctoras, condicionantes da autorización ambiental e por ende da licenza de obras anulada que son as que determinan o funcionamento en condicións de reducir ou incluso eliminar o referido "risco potencial".


Engade asemade a resolución condicións ambientais de protección da atmosfera, das augas subterráneas e do solo, das augas superficiais, de xestión de residuos e do patrimonio.

A anulación da licenza de obras non afecta á resolución ambiental firme e consentida ao terse rexeitado o recurso de reposición presentado no que expresamente se desbota o argumento da falla de habilitación da Arquitecta asinante do proxecto, e non terse recurrido en vía contenciosa.

Para rematar, sobre o cumprimento das condicións de seguridade e ambientais, polo tanto de salubridade e contraincendios, a mesma Xefatura Territorial ditamina que as medidas do ditame ambiental que se recolleron na resolución inicial non se consideran afectadas por incremento algún imputable á unidade de subministro de combustibles polo miúdo complementaria ao comercial pois *non sofren ningunha alteración no seu deseño, nin na súa capacidade de almacenamento e funcionamento*, resolvendo que non procede someter a actuación de comercial con venda polo miúdo de carburante a novo tramite de avaliación ambiental, mantendo as mesmas medidas correctoras existentes na autorización inicial do expediente CO/2017/036 (JAS) de data 21.07.2017 favorable á actividade única de subministro de combustible polo miúdo.

Do exposto conclúese que non existe un plantexamento pacífico e menos aínda único ou xenérico para a cuestión..

O certo é que a variabilidade dos currículos das enxeñerías industriais podería levar a un imposible análise dos estudos realizados pola persoa asinante do proxecto para



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

DIRECCIÓN DE AREA DE URBANISMO E OBRAS MUNICIPAIS

valorar as súas competencias, o que resulta de todo punto imposible para esta administración.

A, cando menos dobre titulación pretendida, que necesariamente debería incardinarse nos termos do artigo 4 e artigo 10 da L.O.E. supón maior coste e tempo de tramitación, xunto coa posible distorsión derivada de que o órgano ambiental non atenda ao requirimento da competencia concorrente.

A interposición de recurso de apelación conta co interese xeral de obter un pronunciamento do TSXG, aínda que a necesidade de ter en conta variadas casuísticas dificultaría a aplicabilidade da sentenza obtida a outros supostos.

O elemento esencial a tomar en consideración, a entender da que subscribe é a incidencia que a anulación por este motivo ten na posible responsabilidade patrimonial que a empresa solicite. Así como, a operatividade de instar a finalización dos restantes procedementos xudiciais de darse o suposto de firmeza da sentenza que nos ocupa. .


Esta Administración entendeu e entende que a competencia era suficiente, entre outras cousas, pola análise e valoración que consta no expediente administrativo e neste informe, pola presunción de veracidade que ten o visado do Colexio profesional e porque a Administración que ten a competencia, a responsabilidade de valorar o ámbito de salubridade e de incidencia medioambiental que refire a Sentenza do X.C.A. como un dos argumentos para anular a licenza é a Xunta de Galicia, tamén o considerou.

A Consellería de Medio Ambiente tamén fai esa valoración, non soamente no ditado da concesión da autorización (DIA) senón que entra de cheo na análise deste argumento cando se presenta recurso de reposición contra a concesión da autorización de incidencia ambiental e a Consellería de Medio Ambiente rexeita o recurso.

Debemos facer constar a súa vez que os recorrentes en reposición desta declaración de impacto ambiental, deixaron que a mesma adquirira firmeza e non recorreron en vía contenciosa a autorización como sí fan coa licenza de obra.

Faise fincampi neste extremo porque neste proxecto, e sobre todo no primeiro, no que soamente se someteu a valoración ambiental o proxecto de gasoleira en exclusiva con túnel de lavado, hai unha sorte de concorrencia competencial administrativa, na que non existe unha relación equilibrada, xa que a Administración Municipal analiza a compatibilidade do uso, pero, o que verdadeiramente determina a implantación da instalación da estación de servizo e que se conceda ou non é que a Consellería de Medio Ambiente, conceda ou non a autorización medioambiental DIA neste caso, que determina as condicións en que ese uso de gasoleira, pode afectar á salubridade e ao medio ambiente.

Segundo se sinala no informe da A. X. ante a interposición dunha reclamación de responsabilidade patrimonial a anulación derivada exclusivamente na falla de titulación do proxectista, é unha cuestión esencialmente atribuíble ao promotor, e, no seu caso, ao Colexio de Arquitectos que visou o proxecto; nesa liña a STS número 1621 /19 ditado



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

DIRECCIÓN DE AREA DE URBANISMO E OBRAS MUNICIPAIS

o 21/11/2019 no RC 6097/2018, ven de afirmar que a anulación dunha licenza por causa de incompetencia do profesional non plantexa un problema incardinable na lexislación urbanística nin na acción pública senón que se trata dunha cuestión de atribucións profesionais. Remata o Tribunal *"tomando en consideración que la anulabilidad del acto de concesión de licencia viene fundado en una presunta falta de competencia del Redactor del Proyecto, por su titulación de Arquitecto Técnico, insistiendo en que la competencia es de un Arquitecto, lo cual no deja de ser un tema de mera competencia profesional, no resultan de aplicación los plazos de ejercicio de la acción pública (urbanística)"*

Tendo en conta as consideracións expostas .

Visto que a analizada vantaxe da firmeza, superación da pendencia existente e posibilidade valorada de solicitar o arquivo do resto dos procesos contencioso administrativos pendentes podería non concurrir, concordo coa conveniencia de que este Concello plantexe recurso de apelación en base aos argumentos expostos e os que a Asesoría Xurídica considere no seu leal saber e entender, contra a sentenza 385/2022, do 5.11.2022, do Xulgado do Contencioso Administrativo número 1 de Santiago de Compostela (P.O. 97/2022)

Esto é o meu parecer que gustosa someto a calquera outra valoración mellor en dereito.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

A Directora da Área de Urbanismo e Obras.